

Imos Investigar sobre o pasado da vila onde vivimos: Cambre. Toda vila pasou por moitos momentos importantes que deixaron pegadas na súa estrutura e nas súas xentes. Este curso investigaremos sobre algún dos habitantes máis antigos de Cambre: **Os romanos**

Comezaremos por buscar toda a información de tipo xeral sobre este pobo: datas nas que estiveron por estes lares, de onde viñan, canto tempo estiveron por aquí, como vivían...

Despois cada grupo desenvolverá un destes temas para realizar un traballo escrito:

1. Principais asentamentos romanos en Galicia.
2. Restos do pobo romano no concello de Cambre.
3. As vivendas dos romanos: tipos de vivendas, distribución, organización nos poboados.
4. A cultura romana: música, literatura...
5. A relixión romana. Principais deuses e festividades relixiosas.
6. A alimentación dos romanos.
7. Principais actividades económicas deste pobo.